

Situación e perspectivas do turismo na provincia de Pontevedra

Xuño 2025

O turismo na provincia como motor de desenvolvemento territorial

A **provincia de Pontevedra** conta cunha **oferta turística diversa e consolidada**. Nos últimos anos, a actividade turística ven gañando peso económico e social no territorio, xerando emprego, impulsando o tecido empresarial local e reforzando a identidade de destino. Xunto ás súas fortalezas, o sector enfróntase tamén a **desafíos coma a estacionalidade, a adaptación dixital, a dispersión territorial dos recursos e á necesidade de innovación constante**.

Dende un punto de vista estratéxico, a **Deputación de Pontevedra impulsa** múltiples liñas de traballo para **fortalecer o sector** e apoiar tanto os destinos coma ás empresas que o integran. Entre elas, destacan as **iniciativas de promoción turística** coma o **Plan estratéxico de turismo Rías Baixas**, que actúa como folla de ruta cara a un modelo máis sostible, competitivo e cohesionado e os **servizos de apoio á competitividade do tecido empresarial**, como **SmartPeme+**, que ofrece asesoramento e formación especializada a pemes e profesionais do ámbito turístico.

O obxectivo deste informe é ofertar unha **visión actualizada e aplicada do sector turístico na provincia** de Pontevedra, poñendo o foco nos principais retos e oportunidades que marcan a súa evolución. A partir da análise de datos recentes, abórdanse aspectos como a evolución da oferta e da demanda, o perfil do turista, a presenza do turismo rural e a estacionalidade, entre outros elementos clave para comprender o presente e orientar o futuro do sector.

A sustentabilidade e a dixitalización preséntanse como piares fundamentais para acadar un modelo turístico equilibrado, competitivo e adaptado aos retos actuais e futuros.

Este informe pretende tamén servir de base para a toma de decisións informadas por parte dos axentes públicos e privados, facilitando a planificación estratéxica e a definición de políticas que contribúan a un desenvolvemento turístico sostible, inclusivo e de calidade para a provincia de Pontevedra.



A diversidade turística da provincia: un territorio de experiencias entre natureza, cultura, tradición e benestar

A provincia conta cunha diversidade de oferta turística ampla, atractiva para os viaxeiros pola posibilidade de realizar visitas enriquecedoras que xunten ocio, cultura, natureza, patrimonio, tradición ou descanso.



Patrimonio histórico

Castelos, pazos, igrexas románicas, rutas históricas e conxuntos monumentais amosan o pasado e a evolución da provincia, facendo do turismo unha viaxe no tempo polas súas raíces.

Turismo termal

Presente en diferentes puntos da provincia, permiten unha proposta de turismo centrado na saúde e o benestar. Balnearios e centros termais ofrecen tratamentos terapéuticos e relaxantes favorecendo a desconexión e o coidado persoal.

Gastronomía

A provincia conta cunha rica oferta baseada en produtos locais de calidade: mariscos, carnes, viños con denominación de orixe, doces tradicionais e pratos herdados da cultura popular. A gastronomía convértese nunha experiencia sensorial que conecta co territorio e co saber facer das súas xentes.

Natureza

A riqueza natural reflíctese nos espazos protexidos, sendeiros, montes, praias e ríos que convidan á práctica de turismo activo e sustentable, con múltiples opcións para o ecoturismo e a contemplación da paisaxe.

Ocio

Ampla variedade de propostas de lecer que van dende actividades ao aire libre ata eventos culturais, feiras, festivais e mercados tradicionais, adaptadas a diferentes perfís de viaxeiros.


Retrato do visitante: perfil sociodemográfico, procedencia e razóns para elixir a provincia

Como son?

O **54.92%** dos visitantes que se achegan a provincia son **maiores de 60 anos**, seguido dun **37.31%** de entre **36 e 60 anos** segundo o informe *Observatorio de Turismo Rías Baixas novembro- decembro 2024*.
Según datos da *Enquisa de Turismo en Destino de Galicia*, a distribución por sexo é practicamente paritaria. Un **50,1% dos turistas foron mulleres** e un **49,9% homes**. Esta tendencia obsérvase dende polo menos 2015.

Que os move?


A maioría dos turistas que chegan a Galicia fano por motivos vacacionais ou de lecer. Segundo a *Balance de Turismo de Galicia*, en setembro de 2024 este tipo de viaxeiro representou o 48% do total galego.



Datos obtidos do Instituto Galego de Estatística (IGE).

Cal é a súa procedencia?

O perfil de turista que visita a provincia de Pontevedra é maioritariamente de orixe nacional.



■ Turista nacional ■ Turista internacional

41,32%

Segundo datos obtidos do Instituto Nacional de Estatística (INE), o 41,32% dos turistas estranxeiros que chegaron a cidade en 2024 foron portugueses, seguidos de alemáns, franceses, holandeses, estadounidenses e británicos.

Segundo a orixe presentase una leve variación na estadía media. O turista nacional presenta una estadía media de 1,77 noites, mentres que os turista internacional quedase una media de 1,37 noites.

1,77-1,37

Como evoluciona o turismo na provincia? Evolución e tendencias na demanda



Cantos nos visitan?

O número de persoas que visitan a provincia de Pontevedra foi **medrando dende 2013**, a excepción do ano 2020 como consecuencia da COVID. A partir do 2021, observase una recuperación clara ata superar no ano 2024 os niveis de visitantes recollidos previo a crise sanitaria.

Esta evolución, mostra que **Pontevedra soubo adaptarse e reforzar o seu atractivo, recuperando así a confianza dos visitantes.**

Evolución do número de viaxeiros



Cando veñen?

A meirande parte do **movemento turístico da provincia, concéntrase nos meses de verán**, especialmente entre xullo e agosto, cunha clara predominancia do visitante nacional. Esta pauta repítese ano tras ano, confirmando que a estacionalidade non é un fenómeno puntual.

Ao longo do resto do ano, en especial **entre os meses de xaneiro e marzo, o volume de viaxeiros descende de forma significativa**, o que evidencia unha ampla marxe para seguir consolidando propostas que acheguen visitas noutros momentos do ano.

Canto se quedan?


Durante o último ano, rexistráronse en Galicia case 11 millóns de pernoctacións. Destas, máis de 4 millóns tiveron lugar na provincia de Pontevedra.

37,24%

De todas estas pernoctacións, a **inmensa maioría foron en hoteis**, fronte apenas un 2,5% que se produxo en establecementos de turismo rural.

97,24%

Evolución mensual de viaxeiros



Onde se aloxan? Distribución e tipoloxías de aloxamento turístico

A continuación preséntase unha visión global da situación do aloxamento turístico na provincia de Pontevedra.


Evolución do aloxamento turístico

O crecemento sostido do número de viaxeiros nos últimos anos veu acompañado dun incremento constante na oferta de aloxamentos turísticos.

O 2024 cerrou cunha oferta de **11.760** aloxamentos turísticos.

45,01%

O 45,01% dos aloxamentos dados de alta en Galicia no ano 2024, atópanse na provincia de Pontevedra.



Prazas según o tipo de aloxamento

A gráfica representa a distribución dos distintos tipos de aloxamento turístico rexistrados,

Este reparto, sen embargo, non inclúe as vivendas de uso turístico, aínda que segundo datos do IGE representan xa preto do 50% da oferta de aloxamentos turísticos.

1,76

A estadia media en abril de 2025 foi de 1,76 noites.

Nº aloxamentos



Zonas con maior oferta turística


Estes aloxamentos, atópanse repartidos por toda a provincia. Cabe destacar, que este reparto é desigual.

As zonas costeiras concentran a maior parte da oferta. Destacan especialmente concellos como Sanxenxo, Vigo, O Grove, Cangas, Pontevedra e Poio. Mentres tanto, no interior presentase unha densidade moito menor de establecementos.

Esta concentración no litoral reflexa o peso que ten o turismo de sol e praia no modelo turístico provincial, aínda que tamén plantea oportunidades para diversificar a oferta hacia o interior.

56,45%

O 56,45% dos aloxamentos atópanse nestes concellos (Sanxenxo, Vigo, O Grove, Cangas, Pontevedra e Poio).



O turismo como motor económico: emprego, actividade e valor engadido



O **36,4%** dos ocupados do sector turístico en Galicia pertencen á provincia de Pontevedra (segunda posición tras A Coruña cun 47,3%).

En **réxime xeral** representa o **75,9%** e como **autónomos** o **24,1%**.



Provincia con **maior peso** nas **actividades turísticas complementarias** (16,2% das afiliacións), como guías, axencias, lecer activo ou cultura.

Pontevedra concentra o **21,1%** dos **homes ocupados** no turismo galego e o **15,3%** das **mulleres**.




Como é a influencia da actividade no emprego?

As seguintes gráficas amosan, por unha banda, que a maior parte das **afiliacións á Seguridade Social no sector turístico da provincia de Pontevedra concéntrase nas actividades de hostalería (comida e bebida)**, que representan un 57,4% do total.


Por outra banda, a distribución dos ocupados segundo a idade revela unha **maior presenza de persoas maiores de 45 anos**. Mentres que o **grupo máis novo apenas representa o 20%**.

Afiliacións a seguridade social



■ Outras actividades turísticas ■ Servizos de aloxamento
■ Transporte de viaxeiros ■ Hostalería (Comidas e bebidas)

Ocupados segundo idade



■ Entre 16 e 29 anos ■ Entre 30 e 45 anos ■ Máis de 45 anos

O turismo do rural en cifras: datos para comprender o territorio

O rural pontevedrés é unha peza clave para chegar ao equilibrio da concentración turística na provincia. O seu papel de receptor de turismo sostible e desconxestión dos puntos turísticos máis frecuentados confírelle unha especial tarefa de cara ao futuro do sector.

Peso do rural no turismo galego

67,70%

O 67,70% dos aloxamentos turísticos da provincia de Pontevedra rexistrados no 2024 atópanse en zonas rurais.

7.961

Os concellos rurais teñen un rexistro de 7.961 aloxamentos turísticos no 2024.

Establecementos de turismo rural

No ano 2024, nos concellos de menos de 20.000 habitantes, rexistráronse 118 establecementos de turismo rural.

118

O 27,12% destes aloxamentos atópanse en Cambados, Forcarei, Sanxenxo, Silleda e Vila de Cruces.

27,12%

Dinámicas de estancia e ocupación

1,56

A estadía media en aloxamentos de turismo rural da provincia de Pontevedra en maio do 2025 foi de 1,56 noites.

11,58%

En maio de 2025 o porcentaxe de ocupación dos aloxamentos de turismo rural na Provincia foi dun 11,58%.

Empresas turísticas vinculadas o rural

Das empresas directamente asociadas ao sector turismo da provincia, o 46,08% atópanse no rural.

46,08%

Datos obtidos do Instituto Galego de Estatística (IGE) e Informe de Conxuntura Turística en Galicia (maio 2025) do Sistema de Intelixencia Turística.

Pontevedra e o seu avance cara un turismo intelixente

Que é un DTI?


Un Destino Turístico Intelixente (DTI) é aquel que aposta pola innovación, a tecnoloxía e a sustentabilidade para mellorar a experiencia das persoas que o visitan, a calidade de vida da poboación local e a xestión eficiente dos recursos.

Trátase de promover un turismo máis accesible, sostible e conectado, que poida adaptarse mellor aos novos retos e necesidades do sector.

Con que DTI conta Pontevedra?



10 Concellos adheridos á rede, representativos dun 16,39% do total da provincia de Pontevedra.



Iniciativas da Deputación de Pontevedra

A Deputación de Pontevedra traballa activamente na modernización do territorio a través dunha estratexia centrada na dixitalización do turismo, da innovación e a sustentabilidade, co obxectivo de transformar a provincia nun referente da xestión intelixente adaptada aos novos retos do sector.

Polos Turísticos Intelixentes (Sanxenxo e O Grove)

Búscase integrar as TIC na xestión do turismo para poder xestionar mellor a conxestión que se produce nestes concellos nos meses estivais.

- Implantación dun sistema de praia intelixente.
- Vídeo vixilancia para a seguridade.
- Aparcamento intelixente.
- Xestión de datos bilateral cos visitantes
- Creación dunha Tarxeta Turística

Tourist Inside Rías Baixas

A través deste innovador proxecto, apóstate pola modernización do sector turístico nas Rías Baixas, cunha posta apunto en termos de adaptar as TIC ós casos de uso no turismo.

- Transformación dixital das oficinas de turismo.
- Implantación de servizos dixitais.
- Sinalización dixital do territorio.
- Portais de datos abertos para empresas.
- Creación dunha plataforma que integre a información do sector.

TurisTIC

SmartPeme+ TurisTIC é una iniciativa da Deputación de Pontevedra que ofrece apoio especializado as empresas do sector turismo para impulsar a súa transformación dixital, mellorar a competitividade e facilitar a adopción de solucións tecnolóxicas adaptadas as súas necesidades.

En detalle: a iniciativa TurisTIC, un programa en marcha que xa está a mellorar a competitividade do turismo pontevedrés

Servizos que ofrece SmartPeme+ ao sector turístico



Asesoramento individualizado



Formación especializada



Acceso a ferramentas e intelixencia de mercado

Resultados e alcance



A través de SmartPeme+ TurisTIC axudouse a **máis de 500 empresas** e profesionais do sector a dixitalizarse e mellorar a súa competitividade.



Realizaronse **case 2100 asesoramentos** dende a creación desta carteira do servizo.



A lo longo destes anos realizáronse un total de **230 obradoiros**. Nos que participaron **máis de 2200 asistentes**.



Os **obradoiros de turismo de SmartPeme+** abordan temas clave para o sector, como os cambios normativos —incluíndo normativas como a de SES HOSPEDAXES—, o uso de motores de reserva ou o cálculo da rendibilidade dos aloxamentos, ofrecendo ferramentas prácticas para mellorar a xestión turística.

“Gracias ao servizo de asesoramento turístico ofrecido por SmartPeme+ aprendemos a posicionar o noso aloxamento en canles dixitais e, agora atraemos novos perfís de clientes durante todo o ano.”

— Casa rural en O Ribeiro

Xornada TurisTIC

TurisTIC é a xornada anual organizada pola Deputación de Pontevedra a través de SmartPeme+, enfocada na **incorporación das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) no sector turístico provincial**. O evento reúne a expertos, profesionais e empresas relacionadas co turismo e a innovación tecnolóxica, co obxectivo de debater e difundir boas prácticas, tendencias, modelos de negocio e solucións innovadoras que axuden a mellorar a eficiencia, a experiencia turística e a competitividade do destino.

En 2024 celebrouse a súa sexta edición, que tivo lugar no Parador de Baiona baixo o título **“A relevancia dos datos no sector turístico”**. Dende a primeira xornada en Soutomaior (2018) ata as adaptacións online durante o contexto COVID (2020), TurisTIC desenvolveuse cada ano, sempre seguindo un formato mixto: presencial e retransmisión telemática.



Retos actuais e respostas da Deputación de Pontevedra para facerlles fronte

Retos

Iniciativas

01

Experiencias tractoras, desestacionalizadoras e artelladoras do territorio

Impulsar experiencias turísticas singulares que conecten o territorio e contribúan a reducir a estacionalidade.

100% Gastronomía das Rías Baixas

Acción de promoción das festas gastronómicas de interese turístico da provincia empregando food trucks.

02

Oferta turística diversificada e identitaria

Promover unha oferta turística variada baseada na identidade, cultura e tradicións locais.

Enoturismo Rías Baixas

Diversificación da oferta turística e valorización da identidade local, promovendo experiencias vinculadas ao viño e á cultura vitivinícola que fortalecen a conexión co territorio durante todo o ano.

03

Sustentabilidade e competitividade turística

Fomentar un turismo sostible, responsable e competitivo que respecte o medio ambiente e potencie o tecido empresarial.

+Rías

Aumentar a sensibilización ambiental e fomentar a conciencia ecolóxica entre o sector do mar, a poboación infantil e a sociedade en xeral sobre o impacto humano no medio mariño e costeiro e poñendo en valor os produtos locais e sostibles do mar.

04

Promoción e comunicación turística

Reforzar a promoción e a comunicación do destino mediante campañas innovadoras e ferramentas dixitais.

Programas específicos

Rutas e patrocinio de festivais musicais, gastronómicos e audiovisuais como fórmula para atraer turismo temático e segmentado. Entre eles encontráanse programas como "Voando nas Rías Baixas" e "Rías Baixas Fest".

05

Transformación dixital do destino

Acelerar a dixitalización do sector turístico para mellorar a xestión, a promoción e a experiencia das persoas visitantes.

Praias intelixentes + Welcome Center

Instalación de tecnoloxía interactiva en praias e posta en marcha dun centro de visitantes inmersivo en Cambados, con realidade aumentada e intelixencia artificial.

Oportunidades detectadas para seguir impulsando o desenvolvemento turístico na provincia

Oportunidades

01

Potencial do turismo rural

A demanda crecente de destinos próximos, auténticos e non masificados sitúa o rural como unha oportunidade estratéxica para dinamizar o interior.

02

Consolidación da marca “Rías Baixas”

A notoriedade da provincia en mercados exteriores permite fortalecer a súa presenza internacional.

03

Crecemento das viaxes fóra de tempada alta

A busca de experiencias máis tranquilas e segmentadas abre a porta a novas fórmulas de desestacionalización.

04

Dixitalización e intelixencia turística

O avance tecnolóxico ofrece ferramentas para unha xestión máis eficiente, accesible e orientada a datos.

05

Turismo sostible

As novas xeracións valoran cada vez máis os destinos comprometidos co medio ambiente, o benestar social e a responsabilidade social.

“A Deputación de Pontevedra continúa apostando por un modelo turístico sostible, conectado o territorio e capaz de fortalecer o posicionamento da provincia como destino de referencia.”



Deputación
Pontevedra

